



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VENTOSELA
20 DE MAIO DE 2014

Coa finalidade de celebra-la xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Ventosela convocada para o día de hoxe, vinte de maio de dous mil catorce, no Centro Social da Miñoteira, ás vinte horas e vinte minutos, **reúnense**, como membros do Consello parroquial de Ventosela,

- Martín Rodríguez Alves, representante do grupo municipal PS de G - PSOE
- José Manuel Alonso Estévez, representante do grupo municipal PP
- Anxo Lusquiños López, representante do grupo municipal do BNG
- Félix Cal Cortizas, representante da Comunidade de Montes
- Domitila Couñago Iglesias, representante da Asociación de veciños de Ventosela
- Telmo Cabaleiro Castrelos, representante da Asociación veciñal Miñoteira
- María Zabaleta Bouzón, representante do sector Cultura
- Félix Couñago Míguez, representante das asociacións deportivas
- María José Casqueiro Amoedo, representante da ANPA
- María Mar Mariño Alfonso, representante do sector Muller
- Bernardo Freire Míguez, representante da Comunidade de Augas

Preside o consello, por delegación do Alcalde, María José Barciela Barros, e exerce de secretaria María Xosé López Regos, axuliar de Administración Xeral do Concello de Redondela.

Os puntos da **orde do día** son:

- 1.- Aprobación da acta anterior
- 2.- Dar conta das xestións realizadas para levar a cabo as actuacións propostas no Consello Parroquial do 11 de febreiro de 2014.
- 3.- Proposta de actuacións a incluír nos orzamentos participativos do ano 2014
- 4.- Varios

Punto 1: aprobación da acta anterior.

Por unanimidade dos membros presentes apróbase a acta da xuntanza do 11 de febreiro de 2014 do Consello Parroquial.

Punto 2: Dar conta das xestións realizadas para levar a cabo as actuacións propostas no Consello Parroquial do 11 de febreiro de 2014.

A presidenta informa de que:



CONCELLO DE REDONDEIRA

- O camiño da Patela está listo e púxose a valla. Foi o técnico municipal e dixo que repisou pero non hai problema. Púxose unha varanda e vaise pór un sinal para que xente non o utilice como vertedorio. Domitila Couñago solicita un informe técnico no que quede constancia de que non é precisa a contrución dun muro.
- O camiño da Riqueixa haino que mirar cando chove moito e ver que se pode facer.
- A marquesiña de Daniel: o dono dixo que non cede o terreo para a súa colocación.
- A arqueta de Vilar do Mato xa se arranxou.
- As tapas de saneamentos mandóuselle a Aqualia que as arranxe.
- A obra da cultural: o técnico municipal comentou o problema das cesións para levar a cabo as actuacións.

Punto 3: Proposta de actuacións a incluír nos orzamentos participativos do ano 2014

- Acórdase engadir un **sinal** máis ós tres establecidos no consello do 11 de febreiro para indica-lo camiño ó **Centro Social A Miñoteira**: na subida a Fontecoba. A presidenta achega dous orzamentos en chapa de aceiro e sen pés.
- **Marquesiñas** acórdase colocar das mercadas pois as feitas elevan considerablemente o orzamento. Unha na estrada Castiñeira, fronte á casa de Nelos, e outra no cruzamento de Fonte Cova.
- **Quitamedos**: o novo colocado ascende a 1.450 € mailo IVE sen o canto. Acórdase pedir un de 2ª man reciclado.
- A **obra do centro social** (bordo de madeira e xabre dentro para o camiño de entrada) queda pendente da consulta de novo co técnico municipal.
- Os seis **paneis informativos** dos que se acordou a súa colocación no consello do 11 de febreiro:
 - na Igrexa, onda o cemiterio, debaixo dos transformadores
 - onda a futura marquesiña de Vilar do Mato
 - no cruzamento do Cutiño ("de Claudino")
 - xunto á de Santos, pegado ó muro de arriba
 - na Carosa
 - no cruzamento do Rial.

Segundo a presidenta, sobre 150 € cada panel.



CONCELLO DE REDONDELA

- Colocación de **espellos**:
 - no cruzamento do Rial
 - no cruzamento das Patelas
 - no camiño da Pedreira, á altura do núm. 15, co camiño do Requeixo saíndo co camiño das Barroncas que vai ó camiño da Raís
 - no camiño da Raíz cruzando co camiño do Campo
 - pasando o cruzamento da Igrexa cara a Vilar do Mato na primeira saída (estrada Vilar do Mato no cruzamento co camiño da Cotacha).

- Colocación dun **senal de camiño cortado** no camiño de Rial onde sae o cruzamento para o camiño das Barroncas.

Unha vez pedidos os orzamentos e establecido o importe total das actuacións, se sobran cartos acórdase que se incluíría nos orzamentos participativos,

- A colocación de catros **bancos**: un na parte de fóra do muro da igrexa, dous no parque biosaudable e un xunta ó colexio, onda o cruceiro.

Punto 4: **Varios**

Telmo Cabaleiro pregunta por que non se lle dá saída ó **camiño do Souto** pola parte de abaixo que dá á estrada e comenta a necesidade de cambia-lo **colector do lixo** que está onda a de **Iolanda** porque está no medio da estrada e nunha curva. Félix Cal comenta a conveniencia de convoca-los veciños afectados para, consensuadamente, se adopte unha solución. Mar Mariño comenta que primeiro habería que mirar se hai sitio máis abaixo.

A representante da ANPA, María José Casqueiro, comenta que aínda non se levaron a cabo as actuacións previstas para o colexio infantil no consello do 11 de febreiro. A presidenta comenta que xa lle pasou a nota á concelleira de Ensino. A **cornixa** caeu e daquela vaise esperar ó verán para colocala. Ante a nova proposta de **rehabilita-la fachada**, a presidenta comprométese a pasarlle a nota ó Departamento de Ensino para contactar coa profe do colexio.

Domitila Couñago propón que se coloquen **reixas** nas **arquetas** para regatos que non a teñen; a presidenta comenta que non poden ser conducións de regantes. Tamén comenta a necesidade de mira-la **canalización das augas no camiño do Picoto** (á altura do núm. 7) e o **muro da Candelaria** (na estrada da Catiñeira antes do supermercado). A presidenta que onda o muro hai pedra e que non se pode picar, si se pode limpar. Así mesmo comenta a necesidade de **limpa-los colectores do lixo** na Coroxa e onda o depósito da auga.

Felix Cal comenta que no cruzamento que sobe á **igrexa** a auga da choiva que vai canalizada por un **rego** vaise por fóra e habería que **limpar**.



CONCELLO DE REDONDELA

Félix Cal, no nome de Jorge Varela, representante de AER ó que lle foi imposible acudir ó consello parroquial, propón que se **publiquen as actas do consello** na web do Concello e en cada un dos centros da parroquia e que ademais se permita **asistir como oínte a xente da parroquia**.

Anxo Lusquiños comenta que el forma parte do Consello parroquial do Viso e que alí non xurdiron problemas: os veciños só poden escoitar, non teñen nin voz nin voto.

Sometidas a votación as propostas de AER apróbase por unanimidade a publicación das actas e rexéitase a participación da xente da parroquia no Consello por 6 votos en contra, 4 votos a favor e 2 abstencións.

E, non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta levantou a sesión ás vinte e dúas horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o cal redáctase a presente acta, da que, como secretaria do Consello, dou fe.

A presidenta


M^a José Barciela Barros

A secretaria


María Xosé López Regos